

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas cincuenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- LICENZA DE OBRAS

- Conejos Gallegos COGAL, S. Coop. Galega

#### ANTECEDENTES

1. Don Rafael Señarís González, con DNI núm. [REDACTED], na representación que acredita no expediente por parte da sociedade CONEJOS GALLEGOS COGAL, S. COOP. GALEGA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Álceme, parroquia de Álceme, solicita con data 13 de

- maio de 2022 (RE-E núm. 219) licenza municipal para MELLORAS TECNOLÓXICAS EN MATADOIRO DE COELLOS, con emprazamento na parroquia de Álceme.
2. A sociedade referida foi constituída por escritura autorizada, con data 1 de outubro de 1985, polo notario de Silleda Don Manuel Remuñán López, modificada posteriormente por outras para a adaptación dos seus Estatutos á normativa vixente. Figura inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas no [REDACTED].
  3. Achéganse proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 24/01/22 e anexos de datas 12/05/22 e 02/06/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Eladio Méndez Casal.
  4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución das obras de tres (3) anos, dende a data de outorgamento da licenza.
  5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo urbanizable non delimitado industrial S.UR.ND.I-1” polo PXOM en vigor.
4. Dito solo foi obxecto de desenvolvemento a través dos seguintes instrumentos urbanísticos en vigor:

- Plan de Sectorización, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 1 de xullo de 2013 e publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 150, do 07/08/13.
  - Proxecto de Compensación, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 19 de novembro de 2014.
  - Proxecto de Urbanización, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 3 de maio de 2018.
5. As obras de urbanización, segundo acta estendida ao efecto que obra no expediente, iniciáronse con data 14 de xaneiro de 2020.
  6. Solicítase licenza para obras de melloras tecnolóxicas nun matadoiro de coellos mediante a ampliación da superficie construída das edificacións, a reestruturación de locais existentes que cambian a súa distribución ou usos, e a instalación de diferentes máquinas na liña de despezamento das instalacións existentes.
  7. As obras proxectadas consisten en:
    - Ampliación da superficie cuberta das instalacións mediante a execución dunha construción de 8,00 x 14,50 metros (116,00 m<sup>2</sup>) anexa á actual nave de subprodutos onde instalar a empacadora existente (zona de empacado).
    - Nova distribución de espazos interiores na nave de subprodutos existente para instalar na mesma unha cámara frigorífica de subprodutos de categoría III e un almacén de elementos necesarios para a embalaxe destes subprodutos.
    - Realización de revestimento das paredes na sala de matanza, eviscerado e na zona de oreo do matadoiro existente, mediante placas de PVC macizas P300, para facilitar as labores de limpeza.
    - Instalación de dúas cortadoras con afiadora, unha envolvedora flow pack, unha etiquetadora automática e introdución dunha serie de melloras na liña de despezamento como alongar as cintas transportadoras, aumentar as mesas de traballo, esterilizadores, lavamáns e outros elementos desta fase do proceso produtivo do matadoiro.
  8. Coas obras proxectadas non se aumenta a capacidade de sacrificio do matadoiro, manténdose nos niveis actuais.
  9. As obras proxectadas situaranse no emprazamento das actuais instalacións da sociedade cooperativa na parroquia de Álceme, na seguintes parcelas catastrais, segundo escritura notarial de agregación:

36047A092004770000PM  
36047A092004780000PO  
36047A092004790000PX  
36047A092004800000PM  
36047A092004810000PO  
36047A092004820000PK

10. A Disposición Transitoria primeira da LSG dispón que ao solo urbanizable delimitado e non delimitado, se lles aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo.
11. Resulta de aplicación a Ordenanza de Uso Industrial 1 do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable non Delimitado Industrial S.UR.ND.I-1. As obras proxectadas cumpre os usos, tipoloxía, condicións e parámetros urbanísticos establecidos pola citada Ordenanza.
12. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL NOVECENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (378.940,47 €).
13. Figura no expediente a resolución de data 31/05/22 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se modifica aos presentes efectos a autorización ambiental integrada núm. [REDACTED] (expediente núm. [REDACTED]).
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder a CONEJOS GALLEGOS COGAL, S. COOP. GALEGA licenza municipal para MELLORAS TECNOLÓXICAS EN MATADOIRO DE COELLOS, con emprazamento na parroquia de Álceme, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 24/01/22 e anexos de datas 12/05/22 e 02/06/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Eladio Méndez Casal, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Non poderá comezar o uso das instalacións proxectadas antes da recepción das obras de urbanización do polígono S.UR.ND.I-1 polo Concello (artigo 28.1.c) do RLSG).
- d) Antes da posta en marcha do establecemento deberá achegarse a documentación indicada polo artigo 5 do RD 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, xunto coa acreditación de presentación da citada documentación ante o órgano competente de Industria da Comunidade Autónoma.
- e) En aplicación do artigo do artigo 11.2 do RIAE, logo de rematar a obra, e con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:
  - ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.

- ✓ Certificado final de obra suscrito polo técnico director das mesmas e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Impoñer á sociedade solicitante, de conformidade co previsto no artigo 28.1 do RLSG, a obrigaón de asegurar a execución simultánea da urbanización e das instalacións mediante a constitución de aval a favor do Concello por importe de CINCO MIL CORENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.044,59 €), custo estimado das obras de urbanización afectas ao terreo. Dito aval deberá ser presentado con carácter previo ao inicio das obras obxecto da presente licenza e non será cancelado ata terse xustificada a execución da totalidade das obras de urbanización mediante certificado emitido polo director das obras de urbanización, e a posterior recepción das mesmas por parte do Concello, se procede.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SETE MIL CINCOCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (7.578,80 €).

CUARTO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (1.894,70 €).

### ***3.- PROPOSTA DE ACORDO DE AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA MUNICIPAL DE TAXI NÚM. 3***

#### **ANTECEDENTES**

1º.- Don Jesús Diéguez Osorio, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar das Pobanzas, parroquia de San Paio de Senra, na súa condición de titular da licenza municipal de taxi núm. 3, solicita con data 16 de maio de 2022 (RE núm. 775), autorización para a substitución do vehículo actualmente adscrito á licenza por outro de nova adquisición.

2º.- O solicitante consta como titular da licenza municipal de taxi núm. 3, por transmisión autorizada por acordo deste órgano de data 24/07/12, e autorización interurbana en vigor núm. [REDACTED].

3º.- A licenza figura adscrita, ata a presente data, ao vehículo marca VOLKSWAGEN, modelo GOLF 1.9, matrícula 3561FBY e bastidor núm. [REDACTED], substitución autorizada no seu día por acordo deste órgano de data 27/07/11.

4º.- Solicítase a substitución do vehículo sinalado no apartado anterior por outro de nova adquisición coas características seguintes:

TITULAR: JESÚS DIÉGUEZ OSORIO

MARCA: VOLKSWAGEN

MODELO: TOURAN

MATRÍCULA: 5266KPM

DATA DA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: [REDACTED]

NÚMERO DE BASTIDOR: [REDACTED]

5º.- O vehículo anteriormente especificado cumpre cos requisitos legalmente establecidos para autorizar a súa substitución en relación á súa antigüidade e a súa adaptación ás condicións esixidas para a prestación do servizo.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (LTPG), dispón que os vehículos adscritos ás licenzas de taxi poderán ser substituídos por outros, previa autorización do órgano concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Segundo.- O Regulamento da LTPG, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro (DOG núm. 187, do 01/10/2018) establece no seu artigo 31 o procedemento de substitución e a obriga de tramitalo a través do procedemento coordinado establecido no artigo 3 do mesmo Regulamento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Efectuar proposta de acordo favorable para a substitución do vehículo adscrito á licenza municipal de taxi núm. 3, da que é titular Don Jesús

Diéguez Osorio, por outro de nova adquisición coas características sinaladas no antecedente cuarto do presente acordo.

Segundo.- Achegar certificación deste acordo, xunto co expediente tramitado, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través do Rexistro de Títulos Habilitantes, para que emita, de ser o caso, o informe vinculante sobre a procedencia da substitución do vehículo solicitada, de conformidade co previsto no artigo 17.3 da LTPG e concordantes do Regulamento.

#### **4.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ**

VISTA a solicitude presentada por Dona Clara Suárez Soengas (RE núm. 831, do 26/05/22), e a proposta de resolución emitida con data 01/06/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona CLARA SUÁREZ SOENGAS, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Calque, parroquia do Salto.

#### **5.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 280,08 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A723 e 22A728 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 178,95 €  
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 22A727 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €  
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6V800001389 e TA6V80001390 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,50 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-F2U1-120828 e 28-F2DD-043877 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 7,70 €  
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao primeiro cuadrimestre de 2022, s/cargo.
- AXENCIA TRIBUTARIA 33,34 €  
Por taxa xeral de operadores Lei 32/2003, s/liquidación.
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P. 1.185,80 €  
Honorarios por elaboración de memoria técnica da obra de “*Mellora de lavadoiro e fonte no lugar de Laxas*”, s/factura núm. PXT 22-028 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €  
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20221417.
- MANUEL JORGE ALBOR 1.920,27 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 014.
- IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIONES S.A. 149,05 €  
Por subministro de produtos para sanitarios en edificios municipais, s/factura núm. 144526.
- GSÍ DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 130,08 €  
Por subministro de deterxente para a máquina de limpeza do pavillón polideportivo, s/factura núm. FAC2204426 (FACe).
- KLEER KIM S.A.L. 1.052,10 €  
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 1466 (FACe).

- ODAIKO KREA S.L. 2.516,80 €  
Por servizo de escenario e xerador para o concerto de Roi Casal o día 13/05/22, s/factura núm. 049 (FACe).
- PILAR PRESAS CALVO 150,00 €  
Por servizo de cátering servido a Roi Casal e equipo o día 13/05/22, s/factura núm. 51.
- JESÚS MARÍA ALONSO FERNÁNDEZ 847,00 €  
Por traballo de deseño da imaxe corporativa da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. 2022/03.
- ASOCIACIÓN CULTURAL “OS VARACUNCAS” 350,00 €  
Por actuación da programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. 2022/02.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)